

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4ºESO

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 5	CENTRO: CPR Plurilingüe Ntra Sra del Carmen CURSO: 4º ESO MATERIA: Bioloxía e Xeoloxía
--	---------------	--

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

3ª AVALIACIÓN

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
▪ B1.9. Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas sinxelos, e recoñecer a base cromosómica das leis de Mendel.	▪ BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.
▪ B1.10. Diferenciar a herdanza do sexo e a ligada ao sexo, e establecer a relación entre elas.	▪ BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.
▪ B1.11. Coñecer e identificar algunhas doenzas hereditarias, a súa prevención e o seu alcance social.	▪ BXB1.11.1. Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.
▪ B1.5. Comparar os tipos e a composición dos ácidos nucleicos, e relacionalos coa súa función.	▪ BXB1.5.1. Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes.
▪ B1.6. Relacionar a replicación do ADN coa conservación da información xenética.	▪ BXB1.6.1. Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene.
▪ B1.7. Comprender e ilustrar como se expresa a información xenética, utilizando o código xenético e resolvendo problemas sinxelos.	▪ BXB1.7.1. Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético.
▪ B1.8. Valorar e recoñecer o papel das mutacións na diversidade xenética, e comprender a relación entre mutación e evolución.	▪ BXB1.8.1. Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Avaliación directa, mediante intercambios orais cos alumnos, durante as videoconferencias. - Análise da tarefa entregada polo alumnado. - Probas específicas orais e escritas. <p>Ademais levaranse a cabo diferentes tipos de autoavaliación e coavaliación.</p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Control do seguimento da materia por parte dos alumnos a través das videoconferencias. - Rexistro de entrega das actividades. - Valoración das actividades entregadas. - Rexistro de probas específicas.
Cualificación final	<p>Para a nota final (convocatoria ordinaria), terase en conta:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. 2. A esa nota media poderase sumar a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado ó longo da 3ª avaliación. Para elo aplicaranse os seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"> - Asistencia a clases por videoconferencia: actitude, interese, puntualidade, recursos o material necesario e cumprimento das normas básicas de asistencia a clases telemáticas, así como el correcto comportamento durante as mesmas (ver documento enviado por los tutores a familias y alumnos). 0,5 p - Entrega de tarefas en prazo: calquera retraso ha de ser comunicado ao titor ou ó profesor, que estudará cada caso. 0,5 p - Grado de realización de las tarefas: calidade na resolución de las actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación, formato,...). 0,5 p - Probas on-line que se poidan realizar ou probas presenciais, en caso de poder realizarse. 0,5 p <p>No caso de que algún alumno non teña superada a 1ª ou a 2ª avaliación, ou ambas deberán realizar as tarefas específicas de recuperación, un traballo que contará un 50% da nota e unha proba oral que contará outro 50%, co obxectivo de reforzar e acadar os estándares mínimos de ditas avaliacións.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>No caso de que o alumno non supere a convocatoria ordinaria terá a oportunidade de facelo na convocatoria extraordinaria de setembro mediante unha proba escrita presencial (ou online de non ser posible).</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Non aplica.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Clases online por videoconferencia. - Seguemento e consulta de dúbidas co profesor mediante correo electrónico ou durante as clases online. - Actividades do libro de texto, esquemas, mapas mentais, problemas de xenética.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todos os alumnos da materia dispoñen de ordenadores, tabletas ou móbiles e acceso a Internet, aínda que a impartición de contidos pode verse dificultada por razóns técnicas ou de organización no ámbito familiar, polo que se flexibilizará ao máximo a forma ou os prazos á hora de entregar as tarefas.</p> <p>Se algún dos alumnos presentara problemas para acceder á tarefa online por non ter equipos informáticos ou acceso a internet dende o propio colexio ou a través de servizos sociais do concello, cáritas, Cruz Vermella, ... trataríase de subsanar dentro do posible o problema e facer accesible a documentación ao alumnado para poder facer así seguemento, resolver as dúbidas e a presentación.</p> <p>Prestarase especial atención á retroalimentación na aprendizaxe así como á autoavaliación combinada coa heteroavaliación co fin de que o alumnado acade os estándares de aprendizaxe da 3ª avaliación así como o repaso e reforzo dos da 1ª e 2ª avaliación.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Clases online por videoconferencia, para o que se necesitan ordenadores ou algún dispositivo móbil e conexión a internet. - Libro de texto do alumno. - Dossier con problemas de xenética. - Material para a realización das tarefas que despois son entregadas a través da plataforma moodle ou do correo electrónico.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Neste caso ao ser un grupo pequeno e impartir as clases por videoconferencia dende o principio, contáctase directamente co alumnado para informalo de todo o referente á materia.</p> <p>No que respecta á información ás familias os profesores cobren unha ficha de seguemento do curso por materia e por semana o que lle aporta unha considerable información ao titor.</p> <p>O claustro de profesores réunese semanalmente de maneira telemática para aclarar dúbidas, chegar a consensos, avaliar e compartir as formas de traballo e as dificultades que poidan xurdir; así como informar aos titores e tratar casos puntuais.</p> <p>Cando é necesario o profesor aporta ao titor información concreta dun alumno ou alumna en particular, o titor contacta cos alumnos e as familias por correo electrónico, chamada telefónica ou videochamada.</p> <p>Así mesmo o titor fai chegar ás familias e alumnos toda a información de parte da Dirección do centro como a normativa da Consellería de Educación, as normas para a asistencia a videochamadas, os consensos acadados para a 3ª avaliación, as actividades de Pastoral...</p>
Publicidade	<p>Na páxina web e nas redes sociais do Centro publícase a información necesaria ás familias para seguir coas clases dende o confinamento.</p> <p>Esa información proporcionase tamén directamente aos alumnos e (as familias por parte dos tutores) vía correo electrónico ou plataforma Moodle.</p>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR Plurilingüe “Nuestra Señora del Carmen” (ATOCHA)

CURSO: 4º ESO

MATERIA: ECONOMÍA

DEPARTAMENTO DE HUMANIDADES

DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.	ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT
B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais	B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.	ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT
B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.	ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Continuarase realizando actividades de reforzo, afianzando a adquisición de competencias clave e contidos máis relevantes da materia, impartidos no 1er e 2º trimestre.</p> <p>As actividades que se veñen realizando dende o principio do Estado de Alarma están sendo rexistradas e valoradas para favorecer a avaliación do alumnado.</p> <p>Instrumentos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Entrega de tarefas en prazo (poderá sumar ata un máximo de 0,5 puntos): calquera retraso comunicárase o titor ou profesor correspondente, que estudiará cada caso. 2. Grado de realización das tarefas (poderá sumar ata un máximo de 1,5 puntos): terase en conta a calidade na resolución das actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación, formato,...). <p>Prestarase especial atención á adquisición das seguintes competencias:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comunicación lingüística (CCL). - Competencia matemática e competencia básica en ciencias e tecnoloxía (CMCT). - Competencia dixital (CD). - Aprender a aprender (CPAA). - Competencias sociais e cívicas (CSC). - Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIE). - Conciencia e expresións culturais (CEC).
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. 2. A esa nota media se poderá sumar a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado durante a 3ª avaliación. Para elo, os criterios que o profesorado aplicará e ponderará de maneira obxectiva, son os indicados anteriormente nos instrumentos de avaliación.
Proba extraordinaria de setembro	<p>Dependendo de si no mes de setembro podemos incorporarnos ou non ás clases presenciais a proba será un examen presencial que conste dos diferentes contidos que se traballaron durante o curso e se non podemos incorporarnos vía telemática realizarase unha proba.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: non aplica</p> <p>Criterios de cualificación: non aplica</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: non aplica</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Actividades prácticas para identificar as fontes de financiamento das empresas, esquemas sobre os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais, exercicios prácticos para elaborar un presuposto familiar diferenciando as situacións de déficit e superávit, comprensión de vídeos sobre a importancia de aforrar e o funcionamento das contas bancarias. Exercicios para coñecer as diferencias e as similitudes entre a tarxeta de crédito e de débito, batería de preguntas de vídeos explicativos sobre a importancia dos seguros, esquemas sobre os diferentes ingresos e gastos que ten o Estado, actividades prácticas sobre o concepto de inflación e as súas causas, batería de preguntas sobre noticias de prensa económica para traballar as causas do desemprego.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Se utilizará a plataforma online moodle, e no caso de que non haxa conectividade enviaranse as tarefas por correo electrónico. No caso da miña materia non temos problemas de conectividade posto que os casos que si a tiñan solventáronse por medio da dirección do centro ou do concello.
Materiais e recursos	Manual de texto do alumno "Economía 4º de ESO" da Editorial SM, que contén materiais dixitais con recursos para actividades de consolidación e afondamento. Ordenadores, tablets e teléfonos móbiles Outros materiais audiovisuais: vídeos explicativos de páxinas web como finanzas para todos ou <i>finanzas para mortales</i> , fragmentos de películas de tema económico. Artigos de prensa económica.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O procedemento que se empregará para informar ao alumnado e as familias será mediante a aplicación moodle e o correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN (ATOCHA) BETANZOS
CURSO: 4º ESO
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
DEPARTAMENTO:
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
UNIDADE 3: ACTIVIDADES NA NATUREZA	
<p>B1.6. Utilizar eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas cos contidos do curso, comunicando os resultados e as conclusións no soporte máis adecuado.</p>	<p>EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.</p>
<p>B3.1. Argumentar a relación entre os hábitos de vida e os seus efectos sobre a condición física, aplicando os coñecementos sobre actividade física e saúde.</p>	<p>EFB3.1.1. Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.</p>
UNIDADE 4: EXPRESION CORPORAL	
<p>B2.1. Compor e presentar montaxes individuais ou colectivas, seleccionando e axustando os elementos da motricidade expresiva.</p>	<p>EFB2.1.3. Colabora no deseño das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas. Traballo individual ou grupal.</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p><u>Procedementos:</u> No terceiro trimestre reforzarase especialmente o currículo da 1ª e 2ª Avaliación, a través de tarefas de repaso e ampliación dos contidos traballados nos dous primeiros trimestres, así como na superación da materia suspensa das avaliacións citadas a través de traballos, e na consecución das competencias clave.</p> <p><u>Instrumentos: (0-2 puntos)</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Nesta terceira avaliacion utilizaranse os seguintes instrumentos, parao calculo da cualificacion: • Entrega de tarefas en prazo: a non presentación dos traballos en data, será comunicada ao titor ou profesor correspondente, que analizará cada caso e tomará as decisións pertinentes. 0,5p • Grao de realización das tarefas: calidade na resolución das actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación,...). 0,5p • Ampliación dos contidos relacionados co tema a traballar, de forma ordeada e correcta, consultando diversas fontes así coma utilizando unha linguaxe propia e axeitada a temática.0,5p • Coidado do aspecto formal do traballo (portada, índice, webgrafía, bibliografía). 0,5p
Cualificación final	<p>Para a nota final (convocatoria ordinaria), en cada materia terase en conta:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. 2. A esa nota media poderase sumar a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado ao longo da 3ª avaliación. Para iso, os criterios que o profesorado aplicará e ponderará de maneira obxectiva, son os seguintes: <ul style="list-style-type: none"> ✓ Asistencia a clases por videoconferencia: actitude, interese, puntualidade, recursos ou material necesario e cumprimento das normas básicas de asistencia a clases telemáticas, así como o correcto comportamento durante as mesmas (ver documento enviado polos titores a familias e alumnos). ✓ Entrega de tarefas en prazo: calquera atraso ha de ser comunicado ao titor ou profesor correspondente, que estudará cada caso. ✓ Grao de realización das tarefas: calidade na resolución das actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación, formato,...). ✓ Entrega de traballos: a súa execución ha de seguir os criterios

	<p>e indicacións do profesorado; os traballos han de ser orixinais ou, no seu caso, identificar as fontes (non se valorarán tarefas de “copia-pega”).</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Probas on- line que se poidan realizar. Probas presenciais, en caso de poder realizarse. <p>Prestarase especial atención á adquisición das seguintes competencias:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Comunicación lingüística (CCL). ✓ Competencia matemática e competencia básica en ciencias e tecnoloxía (CMCT). ✓ Competencia dixital (CD). ✓ Aprender a aprender (CPAA). ✓ Competencias sociais e cívicas (CSC). ✓ Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIE). ✓ Conciencia e expresións culturais (CEC). <p>Os alumnos que non superasen algunha/ s materia/ s na 1ª ou na 2ª avaliación, ou en ambas, deberán realizar as tarefas específicas de recuperación que lles asigne o profesorado, co obxectivo de reforzar e alcanzar os estándares mínimos, respectando os criterios citados anteriormente, a través de actividades, traballos e probas específicas que indique o profesor/a de cada materia.</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>No caso de que o alumno/a non supere na convocatoria ordinaria algunha das materias, terá a oportunidade de facelo na convocatoria extraordinaria de setembro de 2020.</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p><u>Criterios de avaliación:</u> O alumnado que teña materias pendentes do curso anterior realizará e entregará as tarefas e traballos que lle indique o profesor/a correspondente, segundo os procedementos acordados e detallados anteriormente e poderá convocarse a probas por videoconferencia ou, se é posible, presenciais.</p> <p><u>Criterios de cualificación:</u> Seguiranse os procedementos acordados e citados anteriormente.</p> <p><u>Procedementos e instrumentos de avaliación:</u> Seguiranse os procedementos acordados e citados anteriormente.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Actividades de reforzo e de repaso, e de ampliación dos contidos traballados, así como dos novos contidos (apuntes da materia non avaliados).
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Os alumn@s son informados, a través do correo electrónico sobre as tarefas e traballos que teñen que realizar, (vía TITOR). Unha das tarefas é a de completar unha ficha específica da materia da terceira avaliación, do imprescindible a coñecer, así coma a realización dun traballo de ampliación dos contidos impartidos nas primeiras avaliacións. Para os casos nos que había algún alumno con problemas de conectividade, tanto dende o noso Colexio, coma do Concello e Caritas, colaboraron, para que éste non fose un motivo de desigualdade académica, facilitando en todo momento os recursos que cada quen posúe, para poñelos o alcance dos rapaces.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> ✓ -Diferentes páxinas de Internet con contidos relacionados ca materia. ✓ -Posibilidade dalgunha videoconferencia para a explicación dalgúns dos traballos. ✓ -Apuntes das diferentes avaliacións. ✓ -Correo electrónico do profesor da materia, como canal para a búsqueda de solución ante posibles dificultades.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Para achegar a información os alumnos, o facemos a través da figura do tit@r, a través do seu correo electrónico.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR Plurilingüe “Nuestra Señora del Carmen”
CURSO: 4º ESO
MATERIA: Física e Química
DEPARTAMENTO: Ciencias
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Critério de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Analizar o proceso que debe seguir unha hipótese desde que se formula ata que é aprobada pola comunidade científica. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB1.2.1. Distingue entre hipóteses, leis e teorías, e explica os procesos que corroboran unha hipótese e a dotan de valor científico. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Comprobar a necesidade de usar vectores para a definición de determinadas magnitudes. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB1.3.1. Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Relacionar as magnitudes fundamentais coas derivadas a través de ecuacións de magnitudes. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB1.4.1. Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Xustificar que non é posible realizar medidas sen cometer erros, e distinguir entre erro absoluto e relativo. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB1.5.1. Calcula e interpreta o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Expresar o valor dunha medida usando o redondeo e o número de cifras significativas correctas. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB1.6.1. Calcula e expresa correctamente o valor da medida, partindo dun conxunto de valores resultantes da medida dunha mesma magnitude, utilizando as cifras significativas adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Recoñecer a necesidade de usar modelos para interpretar a estrutura da materia utilizando aplicacións virtuais interactivas. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB2.1.1. Compara os modelos atómicos propostos ao longo da historia para interpretar a natureza íntima da materia, interpretando as evidencias que fixeron necesaria a evolución destes. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCEC
<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Relacionar as propiedades dun elemento coa súa posición na táboa periódica e a súa configuración electrónica. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB2.2.1. Establece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia e o seu comportamento químico. FQB2.2.2. Distingue entre metais, non metais, semimetais e gases nobres, e xustifica esta clasificación en función da súa configuración electrónica. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Agrupar por familias os elementos representativos e os elementos de transición segundo as recomendacións da IUPAC. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB2.3.1. Escribe o nome e o símbolo dos elementos químicos, e sitúaos na táboa periódica. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Interpretar os tipos de enlace químico a partir da configuración electrónica dos elementos implicados e a súa posición na táboa periódica. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB2.4.1. Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula dos compostos iónicos e covalentes. FQB2.4.2. Interpreta a información que ofrecen os subíndices da fórmula dun composto segundo se trate de moléculas ou redes cristalinas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Xustificar as propiedades dunha substancia a partir da natureza do seu enlace químico. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB2.5.1. Explica as propiedades de substancias covalentes, iónicas e metálicas en función das interaccións entre os seus átomos ou as moléculas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Nomear e formular compostos inorgánicos ternarios segundo as normas da IUPAC. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB2.6.1. Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Identificar e representar hidrocarburos sinxelos mediante distintas fórmulas, relacionalas con modelos moleculares físicos ou xerados por computador, e coñecer algunhas aplicacións de especial interese. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB2.9.1. Identifica e representa hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida. FQB2.9.2. Deduce, a partir de modelos moleculares, as fórmulas usadas na representación de hidrocarburos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B2.10. Recoñecer os grupos funcionais presentes en moléculas de especial interese. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB2.10.1. Recoñece o grupo funcional e a familia orgánica a partir da fórmula de alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Explicar o mecanismo dunha reacción química e deducir a lei de conservación da masa a partir do concepto da reorganización atómica que ten lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB3.1.1. Interpreta reaccións químicas sinxelas utilizando a teoría de colisións, e deduce a lei de conservación da masa. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

<p>▪ B3.2. Razoar como se altera a velocidade dunha reacción ao modificar algún dos factores que inflúen sobre ela, utilizando o modelo cinético-molecular e a teoría de colisións para xustificar esta predición.</p>	<p>▪ FQB3.2.1. Predí o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores.</p> <p>▪ FQB3.2.2. Analiza o efecto dos factores que afectan a velocidade dunha reacción química, sexa a través de experiencias de laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas nas que a manipulación das variables permita extraer conclusións.</p>	<p>▪ CMCCT CD</p>
<p>▪ B3.3. Interpretar ecuacións termoquímicas e distinguir entre reaccións endotérmicas e exotérmicas.</p>	<p>▪ FQB3.3.1. Determina o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociada.</p>	<p>▪ CMCCT</p>
<p>▪ B3.4. Recoñecer a cantidade de substancia como magnitude fundamental e o mol como a súa unidade no Sistema Internacional de Unidades.</p>	<p>▪ FQB3.4.1. Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro.</p>	<p>▪ CMCCT</p>
<p>▪ B3.5. Realizar cálculos estequiométricos con reactivos puros supondo un rendemento completo da reacción, partindo do axuste da ecuación química correspondente.</p>	<p>▪ FQB3.5.1. Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas e moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes.</p> <p>▪ FQB3.5.2. Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución.</p>	<p>▪ CMCCT</p>
<p>▪ B3.6. Identificar ácidos e bases, coñecer o seu comportamento químico e medir a súa forza utilizando indicadores e o pHmetro dixital.</p>	<p>▪ FQB3.6.1. Utiliza a teoría de Arrhenius para describir o comportamento químico de ácidos e bases.</p> <p>▪ FQB3.6.2. Establece o carácter ácido, básico ou neutro dunha disolución utilizando a escala de pH.</p>	<p>▪ CMCCT</p>
<p>▪ B4.1. Xustificar o carácter relativo do movemento e a necesidade dun sistema de referencia e de vectores, para o describir adecuadamente, aplicando o anterior á representación de distintos tipos de desprazamento.</p>	<p>▪ FQB4.1.1. Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia.</p>	<p>▪ CMCCT</p>
<p>▪ B4.2. Distinguir os conceptos de velocidade media e velocidade instantánea, e xustificar a súa necesidade segundo o tipo de movemento.</p>	<p>▪ FQB4.2.1. Clasifica tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade.</p> <p>▪ FQB4.2.2. Xustifica a insuficiencia do valor medio da velocidade nun estudo cualitativo do movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA), e razoa o concepto de velocidade instantánea.</p>	<p>▪ CMCCT</p>
<p>▪ B4.3. Expresar correctamente as relacións matemáticas que existen entre as magnitudes que definen os movementos rectilíneos e circulares.</p>	<p>▪ FQB4.3.1. Deduce as expresións matemáticas que relacionan as variables nos movementos rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), así como as relacións entre as magnitudes lineais e angulares.</p>	<p>▪ CMCCT</p>
<p>▪ B4.4. Resolver problemas de movementos rectilíneos e circulares, utilizando unha representación esquemática coas magnitudes vectoriais implicadas, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional.</p>	<p>▪ FQB4.4.1. Resolve problemas de movemento rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades do Sistema Internacional.</p> <p>▪ FQB4.4.2. Determina tempos e distancias de freada de vehículos e xustifica, a partir dos resultados, a importancia de manter a distancia de seguridade na estrada.</p> <p>▪ FQB4.4.3. Argumenta a existencia do vector aceleración en calquera movemento curvilíneo e calcula o seu valor no caso do movemento circular uniforme.</p>	<p>▪ CMCCT CSC</p>
<p>▪ B4.5. Elaborar e interpretar gráficas que relacionen as variables do movemento partindo de experiencias de laboratorio ou de aplicacións virtuais interactivas e relacionar os resultados obtidos coas ecuacións matemáticas que vinculan estas variables.</p>	<p>▪ FQB4.5.1. Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos.</p>	<p>▪ CMCCT</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actitude e comportamento: asistencia ás clases online (xustificando a non asistencia) coas tarefas encomendadas e o material (caderno, bolígrafo, calculadora) axeitado. - Producións do alumnado: realización e entrega por parte do alumnado das tarefas propostas - Probas específicas: no caso de alumnos coa primeira e/ou segunda avaliación suspensas. Estas probas consistirán na realización de tarefas online, por parte do alumnado suspenso, relativas a ditas avaliacións coa cámara aberta.
	<p>Instrumentos:</p> <p>Rexistro das producións do alumnado en relación aos estándares de aprendizaxe.</p>
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Farase a media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. A esa nota media poderase sumar a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado ao longo da 3ª avaliación. Para iso, os criterios que o profesorado aplicará e ponderará de xeito obxectivo, son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Asistencia a clases por videoconferencia: actitude, interese, puntualidade, recursos ou material necesario e cumprimento das normas básicas de asistencia a clases telemáticas, así como o correcto comportamento durante as mesmas (os titores enviaron un documento coas mesmas ás familias e alumnado). ✓ Entrega de tarefas en prazo: os retrasos han de ser comunicados ó titor ou profesor correspondente, que estudará cada caso. ✓ Grao de realización das tarefas: calidade na resolución das actividades seguindo as indicacións do profesorado (contido, presentación, formato,...). ✓ Entrega de traballos: a súa realización debe de seguir os criterios e indicacións do profesorado; os traballos serán orixinais ou, no seu caso, identificar as fontes (non se valorarán tarefas de “copia-pega”). ✓ Probas on-line que se poidan realizar. ✓ Probas presenciais, en caso de poder realizarse.
Proba extraordinaria de setembro	<p>O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria, terá a oportunidade de facelo na convocatoria extraordinaria de setembro de 2020. Á espera de cómo se desenvolva esta situación, esa proba poderá ser presencial ou telemática.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Non aplica</p>
	<p>Criterios de cualificación: Non aplica</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Non aplica</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	De recuperación, de repaso, reforzo e de ampliación (cinemática)
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Adaptación dos procedementos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actitude e comportamento: asistencia ás clases online (xustificando a non asistencia) coas tarefas encomendadas e o material (caderno, bolígrafo, calculadora) axeitado. - Producións do alumnado: realización e entrega por parte do alumnado de tarefas propostas por correo electrónico(que son corrixiadas e devoltas ao alumnado) e videoconferencia (cando hai videoconferencia as tarefas corrixiense nela). - Probas específicas: no caso de alumnos coa primeira e/ou segunda avaliación suspensas. Estas probas realizaranse online coa cámara aberta. <p>Nos primeiros días da cuarentena realizouse unha sondaxe entre o alumnado para verificar a súa capacidade de conectividade. Naqueles casos con algunha dificultade se lles facilitou os medios para solventala.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Correo electrónico, vídeos explicativos, fichas con tarefas, cisco webex.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A través da titoría informouse ás familias dos acordos tanto para o desenvolvemento do terceiro trimestre como do cálculo da nota das probas ordinarias.
Publicidade	Na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR PLURILÍNGÜE NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN
CURSO: 4º ESO
MATERIA: SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS
DEPARTAMENTO: LINGUAS DATA: MAYO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 5	CENT RO: CUR SO: MATERIA:
---	------------------	---------------------------------------

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>SLE-B1.1-Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i</p>	<p>4º-SLEB1.1 - Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas</p>
<p>SLE-B1.2-Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i</p>	<p>4º-SLEB1.2-Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p>
<p>SLE-B1.3-Comprender o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiáns, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i</p>	<p>4º-SLEB1.3 - Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos,), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p>
<p>SLE-B1.4-Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descrições, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i</p>	<p>4º-SLEB1.4 - Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiáns e estruturadas, sempre que se fale amodo e con claridade</p>
<p>SLE-B1.5-Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de</p>	<p>4º-SLEB1.5-Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu</p>

<p>programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte do mensaxe.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i</p>	<p>interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito</p>
<p>SLE-B2.1-Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i</p>	<p>4º-SLEB2.1-Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</p>
<p>SLE-B2.2-Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i</p>	<p>4º-SLEB2.2-Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p>
<p>SLE-B3.1-Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, e, i</p>	<p>4º-SLEB3.1-Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.</p>
<p>SLE-B3.2-Seguir instrucións e consignas básicas sinxelas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, e con apoio visual.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, e, i</p>	<p>4º-SLEB3.2-Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.</p>
<p>SLE-B3.3-Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, e, i</p>	<p>4º-SLEB3.3 - Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, e se expresan de xeito sinxelo opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese</p>

<p>SLE-B3.4-Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, e, i</p>	<p>4º-SLEB3.5-Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>
<p>SLE-B4.1-Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i</p>	<p>4º-SLEB4.1-Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo</p>
<p>SLE-B4.2-Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i</p>	<p>4º-SLEB4.2-Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).</p>
<p>SLE-B4.3-Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i</p>	<p>4º-SLEB4.3-Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p>
<p>SLE-B4.4-Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adequado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i</p>	<p>4º-SLEB4.4-Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.</p>
<p>SLE-B5.1-Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a</p>	<p>4º-SLEB5.1-Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>

<p>comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i, o</p>	
<p>SLE-B5.2-Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i, o</p>	<p>4º-SLEB5.2-Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.</p>
<p>SLE-B5.4-Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i, o</p>	<p>4º-SLEB5.4-Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>
<p>SLE-B5.5-Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i, o</p>	<p>4º-SLEB5.5-Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Continuarase realizando actividades de reforzo, afianzando a adquisición de competencias clave e contidos máis relevantes da materia, impartidos no 1er e 2º trimestres.</p> <p>As actividades que se veñen realizando desde o principio do Estado de Alarma están sendo rexistradas, valoradas e tidas en conta para favorecer a avaliación do alumnado.</p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Asistencia a clases por videoconferencia: actitude, interese, puntualidade, recursos ou material necesario e cumprimento das normas básicas de asistencia a clases telemáticas, así como o correcto comportamento durante as msmas (poderá sumar ata un máximo de 0'5). - Entrega de tarefas en prazo: calquer retraso ten que ser comunicado ao titor ou profesora, que estudiará cada caso (poderá sumar ata un máximo de 0'5). - Grado de realización das tarefas/traballos: calidade na resolución das actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación, formato,...). Os traballos han de ser orixinais ou, no seu caso, identificar as fontes –non se valorarán tarefas de “copia e pega” (poderá sumar ata un máximo de 1). - No caso de que a docente o considere preciso poderá realizarse alguna proba on-line ou presencial (de ser posible) polo que variaría a ponderación do punto anterior pasando a sumar un máximo de 0'5 as tarefas e un máximo de 0'5 a proba. <p>Prestarase especial atención á adquisición das seguintes competencias:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comunicación lingüística (CCL). - Competencia matemática y competencia básica en ciencias y tecnología (CMCT). - Competencia digital (CD). - Aprender a aprender (CPAA). - Competencias sociales y cívicas (CSC). - Sentido de la iniciativa y espíritu emprendedor (CSIE). - Conciencia y expresiones culturales (CEC).
Cualificación final	<p>Para a nota final (convocatoria ordinaria), en cada materia terase en conta:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A media das calificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. 2. A esa nota media poderase sumar a calificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado ó longo da 3ª avaliación.

Proba extraordinaria de setembro	<p>No caso de poder reincorporarse de maneira presencial no centro de estudo, realizarase un exame presencial no que avaliaremos os contidos tratados no curso antes do estado de alarma e nos que o alumno no haxa acadado una calificación satisfactoria.</p> <p>Se non fose posible a reincorporación ás aulas, procederase a realizar unha proba online a través da aplicación que se emprega para as clases telemáticas ou no moodle propio do colexio.</p>
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: NA
	Criterios de cualificación: NA
	Procedementos e instrumentos de avaliación: NA

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Realizaranse sesións na plataforma Discord seguindo o horario que xa se tiña antes do confinamento. Faranse explicacións da materia combinadas con actividades gramaticais, de vocabulario e lúdicas para o afianzamento dos coñecementos adquiridos.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Posto que tódolos alumnos teñen posibilidade de conexión ás clases online (aos alumnos que nun principio non tiñan proporcionóuselles o material por medio da Dirección do centro ou do Concello – acceso a wifi, ordenadores, tablets,...-) a metodoloxía é a mesma que se viña utilizando pero adaptándonos ao formato dixital.
Materiais e recursos	Utilizaremos a plataforma Discord ao mesmo tempo que O libro de texto dixital polo que tódolos alumnos teñen libre acceso ao material proporcionado. Ademáis de actividades online buscadas ou creadas pola docente.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 4 DE 5	CENT RO: CUR SO: MATERIA:
---	---------------	---------------------------------------

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Información ás familias por medio do correo electrónico a través do tutor. Información ao alumnado por medio da plataforma de Discord
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 5	CENT RO: CUR SO: MATERIA:
---	---------------	---------------------------------------

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR Plurilingüe “Nuestra Señora del Carmen” (ATOCHA)

CURSO: 4º ESO

MATERIA: I.A.E.E.

DEPARTAMENTO DE HUMANIDADES

DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
Describir as calidades persoais e destrezas asociadas á iniciativa emprendedora analizando os requirimentos dos distintos postos de traballo e actividades empresariais.	Identifica as calidades persoais, actitudes, aspiracións e formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, describindo a actividade dos empresarios e as empresarias e o seu rol na xeración de traballo e benestar social.	CAA, CCEC, CCL, CSC
Actuar como un futuro traballador ou traballadora responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada así como comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.	Identifica as normas e institucións que interveñen nas relacións entre persoas traballadoras e persoas empresarias relacionándoas co funcionamento do mercado de traballo.	CSC, CSIEE, CCEC, CAA, CCL
Crear un proxecto de empresa na aula describindo as características internas e a súa relación co contorno así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística, como provedores, clientes, sistemas de produción e comercialización e redes de almacenaxe entre outros	Determina a oportunidade dun proxecto de empresa identificando as características e tomando parte na actividade que esta desenvolve.	CCL, CAA, CMCT, CSIEE, CD
Identificar e organizar a información das distintas áreas do proxecto de empresa aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial.	Manexa como usuario ou usuaria no nivel básico a aplicación informática de control e seguimento de clientes, provedores e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal para a organización da información do proxecto de empresa.	CAA, CD, CSIEE, CCL, CMCT
Realizar actividades de produción e comercialización propias do proxecto de empresa creado, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo	Crea materiais de difusión e publicidade dos produtos e/ou servizos do proxecto de empresa, incluíndo un plan de comunicación en internet e en redes sociais aplicando os principios da mercadotecnia.	CSIEE, CSC, CAA, CCL, CMCT
Identificar as fontes de financiamento propias de cada forma xurídica da empresa, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis adecuadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa.	Caracteriza de forma básica as posibilidades de financiamento do día a día das empresas diferenciando o financiamento externo e interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	CAA, CMCT, CCL, CSIEE, CD

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Continuarase realizando actividades de reforzo, afianzando a adquisición de competencias clave e contidos máis relevantes da materia, impartidos no 1er y 2º trimestre.</p> <p>As actividades que se veñen realizando dende o principio do Estado de Alarma están sendo rexistradas e valoradas para favorecer a avaliación do alumnado.</p> <p>Instrumentos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Asistencia as clases por videoconferencia (poderá sumar ata un máximo de un 0,5 puntos): atitude, interese, participación, puntualidade, recursos ou material necesario e cumprimento das normas básicas de asistencia as clases telemáticas, así como o correcto comportamento durante as mesmas. 2. Entrega de tarefas en prazo (poderá sumar ata un máximo de 0,5 puntos): calquer retraso se comunicará o titor ou profesor correspondente, que estudiará cada caso. 3. Grado de realización das tarefas (poderá sumar ata un máximo de 1 punto): terase en conta a calidade na resolución das actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación, formato,...). <p>Prestarase especial atención á adquisición das seguintes competencias:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comunicación lingüística (CCL). - Competencia matemática e competencia básica en ciencias e tecnoloxía (CMCT). - Competencia dixital (CD). - Aprender a aprender (CPAA). - Competencias sociais e cívicas (CSC). - Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIE). - Conciencia e expresións culturais (CEC).
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A media das calificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. 2. A esa nota media se poderá sumar a calificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado durante a 3ª avaliación. Para elo, os criterios que o profesorado aplicará e ponderará de maneira obxectiva, son os indicados anteriormente nos instrumentos de avaliación.
Proba extraordinaria de setembro	<p>Dependendo de si no mes de setembro podemos incorporarnos ou non ás clases presenciais a proba será un examen presencial que conste dos diferentes contidos que se traballaron durante o curso e se non podemos incorporarnos vía telemática realizarase unha proba.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: non aplica</p> <p>Criterios de cualificación: non aplica</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: non aplica</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Actividades prácticas sobre as cualidades que debe adquirir un emprendedor, batería de preguntas de vídeos explicativos sobre a prevención de riscos laborais, actividades sobre o <u>modelo CANVAS</u> para analizar todos os aspectos relacionados cunha idea de negocio e a súa viabilidade, batería de preguntas relacionada con diferentes vídeos explicativos sobre as vantaxes e inconvenientes de ser autónomo, actividades prácticas sobre as técnicas de promocionar un produto, actividades prácticas para identificar as fontes de financiamento das empresas, actividades prácticas sobre a matriz DAFO e o marketing mix.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Se utilizarán as plataformas online discord e moodle, e no caso de que non haxa conectividade enviaranse as tarefas por correo electrónico. No caso da miña materia non temos problemas de conectividade posto que os casos que si a tiñan solventáronse por medio da dirección do centro ou do concello.
Materiais e recursos	O alumnado utiliza o manual de texto “Iniciativa á actividade emprendedora e empresarial 4º ESO” da Editorial Anaya. Ordenadores, tablets e teléfonos móbiles Outros materiais audiovisuais: vídeos explicativos de páxinas web como <i>flipped EIE</i> ou <i>finanzas para mortales</i> . Artigos de prensa económica. Educaplay e kahoot.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 4 DE 5	CENTRO: CPR Plurilingüe “Nuestra Señora del Carmen” (Atocha) CURSO: 4º ESO MATERIA: I.A.E.E
---	---------------	---

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O procedemento que se empregará para informar e impartir clase online ao alumnado será mediante a aplicación discord (videoconferencias), moodle para a retroalimentación das actividades e mediante o correo electrónico as familias.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:C.P.R. Plurilingüe Nuestra Sra del Carmen
CURSO: 4º ESO
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO: LINGUAS
DATA:11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 5	CENTRO: C.P.R. Plurilingüe Nuestra Sra del Carmen CURSO: 4º ESO MATERIA: INGLÉS
--	---------------	--

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1-Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou salientables para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, de carácter tanto xeral como máis específico.	1-Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo).
2-Seguir instrucións básicas que lle permitan, por exemplo, pór en marcha, manexar ou instalar aparellos ou aplicacións informáticas sinxelas (sempre que conteñan diagramas ou imaxes que faciliten a súa comprensión), entender unha prescrición médica, matricularse nun centro de estudos, etc.	2-Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.
3-Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos breves ou adaptados, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua, con argumento lineal e con personaxes, situacións e relacións descritas de xeito claro e sinxelo.	3-Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estada de estudos no estranxeiro).
4-Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude (por exemplo, reformulando estruturas a partir doutros textos de características e propósitos comunicativos similares, ou redactando borradores previos, e revisando contido, ortografía e presentación do texto antes da súa escritura definitiva).	4-Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.
5-Seleccionar e achegar información necesaria e pertinente, axustando de maneira adecuada a expresión ao destinatario, ao propósito comunicativo, ao tema tratado e ao soporte textual, e expresando opinións e puntos de vista coa cortesía necesaria.	5-Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.
6-Tratar a información obtida de diversas fontes, seguindo os patróns discursivos habituais, para iniciar e concluír o texto escrito adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliála con exemplos ou resumíla con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.	6-Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa).
7-Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando importancia da presentación nas comunicacións escritas.	7-Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.
8-Apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.	8-Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Continuaráanse a realizar actividades de reforzo, afianzando a adquisición de competencias clave e contidos máis relevantes de cada materia, impartidos no 1^{er} y 2^o trimestre.</p> <p>As actividades que se veñen realizando desde o principio do Estado de Alarma están sendo rexistradas, valoradas e tidas en conta polos docentes para favorecer a avaliación do alumnado.</p> <p>As clases rematarán o 19/06/2020. Do día 1 ao 5 de xunio se realizarán probas evaluativas, ben presenciais si a situación o permite, ou ben telemáticas.</p>
	<p>Instrumentos: A avaliación se baseará nas tarefas que semanalmente se enviarán aos alumnos a través de email, tendo en conta que sexan orixinais (non copiadas), que estén ben feitas, ben presentadas e entregadas dentro de prazo (a non ser que haia alguna causa xustificada); ocasionalmente, se terán clases por videoconferencia que tamén se poderán valorar polas intervencións, o comportamento, e interese amosado polo alumnado.</p>
Cualificación final	<p>Para a nota final (convocatoria ordinaria), se terá en conta:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A nota media das cualificacións da 1^a e 2^a avaliación 2. A esa nota media se poderá sumar a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado ao longo da 3^a avaliación. Para isto, os criterios que se aplicarán e se ponderarán de maneira obxetiva, son os seguintes: <ul style="list-style-type: none"> • Entrega de tarefas en prazo: calquera retraso debe ser comunicado ao titor ou profesor, que estudará o caso. (ata 0,5) • Grado de realización de tarefas: calidade na resolución das actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación, formato...) (ata 0,5) • Entrega de traballos: a súa execución debe seguir os criterios e indicacións do profesorado, os traballos deben ser orixinais ou, no seu caso, identificar as fontes (non se valorarán tarefas de "copia-pegar") (ata 0,5) • Probas online que se poidan realizar ou Probas presenciais, en caso de poder realizarse (ata 0,5) <p>(No caso de que finalmente houberse alguna clase online, se tería en conta a actitude, interese, puntualidade, recursos ou material necesario e cumprimento das normas básicas de asistencia a clases telemáticas, así como o correcto comportamento durante as mesmas.</p> <p>Neste caso cada apartado pasaría a contar ata 0,4)</p> <p>Desde o día 11 de maio (ou xa en días anteriores), se reforzan e consolidan as aprendizaxes da 1^a e 2^a avaliación e:</p> <ol style="list-style-type: none"> a) Os alumnos que non superaron algunha/s materia/s na 1^o ou a 2^a avaliación, ou en ambas, terán que realizar as tarefas específicas que lle asigne o profesorado, para seguir reforzando e poder acadar os estándares mínimos, respetando os criterios citados anteriormente. b) Os alumnos que teñen algunha avaliación suspensa poderán recuperala cos traballos, actividades e probas que lle indique o profesor e sempre que sexa posible con algún tipo de proba (presencial ou online). As tarefas entregadas contarán un 60% da nota e a proba un 40%). Se non fose posible levar a cabo a proba presencial ou online, o 100% da nota estaría baseado nas tarefas entregadas.

Proba extraordinaria de setembro	O alumnado que non supere algunha/s materia/s na convocatoria ordinaria terá a oportunidade de presentarse ás probos extraordinarias en setembro 2020 tendo en conta os mesmos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe aplicados na convocatoria ordinaria.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: O alumnado que teña materias pendentes do curso anterior terán que realizar e entregar as tarefas e traballos que lle indique o profesor/a correspondente, según dos procedementos acordados e detallados con anterioridade e poderá convocarse a probas por videoconferencia ou, si é posible, presenciais.
	Criterios de cualificación: Segundo a programación, a avaliación dos alumnos con materias pendentes se fará en dúas probas: una en xaneiro e outra en maio (que debido á situación actual non se poderá levar a cabo). Un 60% da nota se corresponde co traballo entregado e o restante 40% á proba escrita. Os alumnos debían acadar un mínimo dun 4 na proba escrita para poder facer media (na programación). Esta norma de chegar a un 4 se elimina debido á presente situación, polo que hai alumnos que estaban suspensos e pasan automaticamente a estar aprobados. Aqueles alumnos que xa tiñan aprobada a 1ª proba e entreguen as tarefas asignadas polo profesor para este 3º trimestre, se consideran aprobados na materia. Os alumnos que teñan a primeira proba suspensa poderán recuperar entregando as tarefas de repaso e reforzo pertinentes.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: A avaliación se baseará na nota da primeira proba: se os alumnos teñen esa proba aprobada, e entregan as tarefas de repaso asignadas no terceiro trimestre, xa estarán aprobados. Os que teñan a 1ª proba pendente – una vez revisada a norma incluída na programación de acadar un 4 como mínimo para facer media- terán que entregar a maiores, tarefas de repaso coa materia de esa avaliación: si a materia que entreguen é orixinal (non está copiada) e está ben realizada, se dará por recuperada a mencionada/s avaliación/s.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As actividades plantexadas durante este tercer trimestre consisten principalmente en rematar a materia que quedaba – para os alumnos/as coas 1ª e 2ª avaliacións aprobadas - e facer bastantes exercicios. Estes alumnos/as asimismo levaron a cabo algunha tarefa de reforzo e repaso no traballo de algunha semana. Aparte de eso, aos alumnos con algunha avaliación pendente, se lles envía traballo específico de repaso de ese trimestre, para reforzar coñecementos de gramática e vocabulario.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	O canal de comunicación principal é o email, por onde se envían as tarefas aos alumnos/as, por onde eles devolven o traballo feito e se lles devolve corrixido. Posibilidade de ter de cando en vez algunha clase online para poder solventar posibles dúbidas, aínda que cando as teñen tamén as plantexan e se solventan a través do email.
Materiais e recursos	O traballo principal do principio do período baseouse nos libros do alumno e de traballo (workbook), para seguir avanzando na materia do curso 8 para os alumnos/as xa aprobados). A partir de aí enviáronse diversos links, arquivos con repaso de gramática e exercicios...

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Principalmente a través do email, con posibilidade de algunha clase online esporádica, para a clarar dúbidas concretas.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR PLURILINGÜE NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN
CURSO: 4º ESO
MATERIA: LATÍN
DEPARTAMENTO: LINGUAS
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 5	CENTRO: CPR PLURILINGÜE NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN CURSO: 4º ESO MATERIA: LATÍN
--	---------------	---

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.	LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. CSC CAA CD
B3.4.-6 Recoñecer e reforzar as declinacións (substantivo, adxectivo, numerais...) e as formas verbais do tema de presente e perfecto en voz activa e pasiva	LAB3.4.2. Recoñece e declina palabras (substantivo, adxectivo, numerais...) e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma LAB3.6.1. Recoñece e identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino CAA CCL
B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual, ademais do otium en Roma	LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos público celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes. CSC CSIEE CCL CMCCT CCEC
B6.1. Aplicar e reforzar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución	LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados CCL CAA
B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.	LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. CCL CAA
B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia. CAA CD
B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.	LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. CMCCT CAA
B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado.	LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. CCL

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Con respecto a aprendizaxes e competencias, ao longo dos dous primeiros trimestres respectouse e cumpriuse integramente co previsto na programación. Isto permitiu ao alumnado coñecer o funcionamento gramatical básico da lingua latina e temas de cultura que agora se revisan e reforzan (declinacións, conjugación, tradución, léxico e cuestións de cultura...), na ampliación de contidos acabou de explicar a pasiva, iniciada no seu momento. Non obstante, non se explicarán as formas non persoais e as oracións de relativo...</p> <p>O alumnado con avaliacións suspensas (1ª, 2ª) terá oportunidade de superalas co reforzo e revisión ben feito.</p>
	<p>Instrumentos: (0-2 puntos)</p> <p>Tradución e e preguntas propostas: 0,5 p</p> <p>Videoconferencia (puntualidade, atención, participación...): 0,5 p</p> <p>Entrega do traballo e en prazo: 0,5 p</p> <p>Traballos monográficos: 0,5 p</p> <p>De ser posible, proba escrita</p> <p>Nos instrumentos citados valorarase a calidade dos traballos, a capacidade de análise, unha atinada presentación entre outros aspectos. Aconséllase desbotar o corta-pega.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Na convocatoria ordinaria para a cualificación final:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Media da 1ª e 2ª Aval. 2. Sumarase ata dous puntos como máximo á nota media resultante do punto 1
Proba extraordinaria de setembro	<p>No caso de non superar a materia, o alumnado acudirá á proba extraordinaria de setembro.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: N.A.</p>
	<p>Criterios de cualificación: N.A.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: N.A.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Oracións e pequenos textos adaptados para tradución, cuestións de léxico e cultura, traballos monográficos.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	No que respecta á conectividade, mantense a comunicación por e-mail e nas videoconferencias co alumnado que remite as tarefas ao profesor. Permanente contacto do profesorado co titor no seguimento do alumnado. Os problemas de conectividade intentáronse solucionar desde o propio Centro, o Concello e outras entidades. En ocasións, xorden incidencias: caída de rede, dispositivos compartidos...
Materiais e recursos	Libro de texto, apuntamentos, video, móbil, ordenador...

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A comunicación co alumnado e as familias faise a través da titora, e en moitas ocasións directamente por e-mail co alumnado, ademais mántense a comunicación directa nas videoconferencias.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR PLURILINGÜE NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN
CURSO: 4º ESO
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DEPARTAMENTO: LINGUAS
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 5	CENTRO: CPR PLURILINGÜE NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN CURSO: 4º ESO MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA
--	---------------	--

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. CCL CSC
B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos	LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais). LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto. . CCL CAA
B2.5. Comprensión e interpretación de textos argumentativos, textos xornalísticos e publicitarios...	LGB2.5.1. Comprende e diferencia os trazos característicos dos textos argumentativos, xornalísticos e publicitarios... CCL CSC
B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía	LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía CCL CAA
B3.8. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbos, así como os nexos de coordinadas, subordinadas e bipolares.	LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos, así como os nexos de coordinadas, subordinadas e bipolares. CCL
B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución.	LGB4.2.4 Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia, emprega a terminoloxía apropiada. CCL CSC
B4.2. Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.	LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega. . CCL CSC
B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura. CCL

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Consisten en proporcionarlle ao alumnado tarefa (resumo, esquemas, cuestións, textos...) tomando sempre como punto de partida o estudado nos dous trimestres anteriores, reforzando os contidos e revisando estes coa tarefa correxida, así como facilitar a consecución das competencias clave. Cando se considera que o alumnado pode comprender e practicar contidos novos, a profesora propón exercicios que deben serlle remitidos unha vez realizados dentro do prazo indicado (textos, análise de interferencias, léxico...), non se avanza na Lit. actual e tampouco nas cuestións teóricas de Semántica.</p> <p>O alumnado coa materia pendente fará tarefas específicas ou reforzará a materia suspensa mediante as tarefas de revisión e repaso xerais.</p>
	<p>Instrumentos: (0-2 puntos) Textos e e preguntas propostas: 0,5 p Tareas ben realizadas: 0,5 p Entrega en prazo: 0,5 p Traballos monográficos: 0,5 p De ser posible, proba escrita</p> <p>Nos instrumentos citados valorarase a calidade dos traballos, a capacidade de análise, unha atinada presentación entre outros aspectos. Aconséllase desbotar o corta-pega.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Na convocatoria ordinaria para a cualificación final: 1. Media da 1ª e 2ª Aval. 2. Sumarase ata dous puntos como máximo á nota media resultante do punto 1</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>No caso de non superar a materia, o alumnado acudirá á proba extraordinaria de setembro.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Os indicados na adaptación da programación para Lingua Galega e Literatura de 3º ESO.</p> <p>Criterios de cualificación: Os alumnado coa materia pendente do curso anterior realizará tarefas específicas onde terá a oportunidade de traballar os estándares de aprendizaxe mínimos avaliábeis e así poder superar a materia</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Reforzarase co alumnado a materia prevista agás o apartado de Lit do séc. XIX e as variedades da lingua. O alumnado entrega as tarefas (exercicios, traballos, comentarios...) nos prazos indicados que se valorarán cun 60% da nota, sendo a proba escrita de ser posible (40%)</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Realízanse resumos, esquemas, lecturas do manual e as correspondentes cuestións, exercicios de distinto tipo (ortografía, interferencias, léxico...), comentarios breves sobre temas de actualidade, así como traballos monográficos (videos, audios...).
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	No que respecta á conectividade, mantense a comunicación por e-mail co alumnado que remite as tarefas (enviadas pola titora) ao profesor. Permanente contacto do profesorado co titor no seguimento do alumnado. Os problemas de conectividade intentáronse solucionar desde o propio Centro, o Concello e outras entidades. En ocasións, xorden incidencias: caída de rede, dispositivos compartidos...
Materiais e recursos	Libro de texto, apuntamentos, video, móbil, ordenador...

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A comunicación co alumnado e as familias faise a través da titora, e moitas ocasións directamente por e-mail co alumnado.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR Plurilingüe “Nuestra Señora del Carmen”
CURSO: 4º ESO
MATERIA: Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas
DEPARTAMENTO: Ciencias
DATA: 12-05-2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
• B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	• MACB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas.	CMCCT CAA
B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	• MACB1.8.1. Desenvolve actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	CMCCT CSIEE CSC
B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción	• MACB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ficheiros e tarefas.	CSC CSIEE CD
B2.1. Coñecer os tipos de números e interpretar o significado dalgunhas das súas propiedades máis características (divisibilidade, paridade, infinitude, proximidade, etc.).	MACB2.1.1. Recoñece os tipos de números reais (naturais, enteiros, racionais e irracionais), indicando o criterio seguido, e utilízalos para representar e interpretar axeitadamente información cuantitativa. MACB2.1.2. Aplica propiedades características dos números ao utilízalos en contextos de resolución de problemas.	CMCCT
B2.2. Utilizar os tipos de números e operacións, xunto coas súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información, e resolver problemas relacionados coa vida diaria e con outras materias do ámbito educativo.	MACB2.2.1. Opera con eficacia empregando cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou programas informáticos, e utilizando a notación máis axeitada. MACB2.2.3. Establece as relacións entre radicais e potencias, opera aplicando as propiedades necesarias e resolve problemas contextualizados. MACB2.2.4. Aplica porcentaxes á resolución de problemas cotiáns e financeiros, e valora o emprego de medios tecnolóxicos cando a complexidade dos datos o requira. MACB2.2.5. Calcula logaritmos sinxelos a partir da súa definición ou mediante a aplicación das súas propiedades, e resolve problemas sinxelos. MACB2.2.6. Compara, ordena, clasifica e representa distintos tipos de números sobre a recta numérica utilizando diversas escalas.	CMCCT

<p>B2.3. Construír e interpretar expresións alxébricas, utilizando con destreza a linguaxe alxébrica, as súas operacións e as súas propiedades.</p>	<p>MACB2.3.1. Exprésase con eficacia facendo uso da linguaxe alxébrica. MACB2.3.2. Obtén as raíces dun polinomio e factorízao utilizando a regra de Ruffini, ou outro método máis axeitado. MACB2.3.3. Realiza operacións con polinomios, igualdades notables e fraccións alxébricas sinxelas. MACB2.3.4. Fai uso da descomposición factorial para a resolución de ecuacións de grao superior a dous.</p>	<p>CMCCT</p>
<p>B2.4. Representar e analizar situacións e relacións matemáticas utilizando inecuacións, ecuacións e sistemas para resolver problemas matemáticos e de contextos reais.</p>	<p>MACB2.4.1. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real, estúdao e resolve, mediante inecuacións, ecuacións ou sistemas, e interpreta os resultados obtidos.</p>	<p>CMCCT</p>
<p>B3.1. Utilizar as unidades angulares dos sistemas métrico sesaxesimal e internacional, así como as relacións e as razóns da trigonometría elemental, para resolver problemas trigonométricos en contextos reais.</p>	<p>MACB3.1.1. Utiliza conceptos e relacións da trigonometría básica para resolver problemas empregando medios tecnolóxicos, de ser preciso, para realizar os cálculos.</p>	<p>CMCCT</p>
<p>B3.2. Calcular magnitudes efectuando medidas directas e indirectas a partir de situacións reais, empregando os instrumentos, as técnicas ou as fórmulas máis adecuadas, e aplicando as unidades de medida.</p>	<p>MACB3.2.1. Utiliza as ferramentas tecnolóxicas, as estratexias e as fórmulas apropiadas para calcular ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos e figuras xeométricas. MACB3.2.2. Resolve triángulos utilizando as razóns trigonométricas e as súas relacións. MACB3.2.3. Utiliza as fórmulas para calcular áreas e volumes de triángulos, cuadriláteros, círculos, paralelepípedos, pirámides, cilindros, conos e esferas, e aplícaas para resolver problemas xeométricos, asignando as unidades apropiadas.</p>	<p>CMCCT CD</p>
<p>B3.3. Coñecer e utilizar os conceptos e os procedementos básicos da xeometría analítica plana para representar, describir e analizar formas e configuracións xeométricas sinxelas.</p>	<p>MACB3.3.1. Establece correspondencias analíticas entre as coordenadas de puntos e vectores. MACB3.3.2. Calcula a distancia entre dous puntos e o módulo dun vector. MACB3.3.3. Coñece o significado de pendente dunha recta e diferentes formas de calculala. MACB3.3.4. Calcula a ecuación dunha recta de varias formas, en función dos datos coñecidos MACB3.3.5. Recoñece distintas expresións da ecuación dunha recta e utilízaas no estudo analítico das condicións de incidencia, paralelismo e perpendicularidade.</p>	<p>CMCCT CD</p>

<p>B4.1. Identificar relacións cuantitativas nunha situación, determinar o tipo de función que pode representalas, e aproximar e interpretar a taxa de variación media a partir dunha gráfica ou de datos numéricos, ou mediante o estudo dos coeficientes da expresión alxébrica.</p>	<p>MACB4.1.1. Identifica e explica relacións entre magnitudes que poden ser descritas mediante unha relación funcional, e asocia as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas.</p> <p>MACB4.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcionalidade inversa, exponencial e logarítmica, empregando medios tecnolóxicos, de ser preciso.</p> <p>MACB4.1.3. Identifica, estima ou calcula parámetros característicos de funcións elementais.</p> <p>MACB4.1.4. Expresa razoadamente conclusións sobre un fenómeno a partir do comportamento dunha gráfica ou dos valores dunha táboa.</p> <p>MACB4.1.5. Analiza o crecemento ou decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media calculada a partir da expresión alxébrica, unha táboa de valores ou da propia gráfica.</p> <p>MACB4.1.6. Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas: lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa, definidas a anacos e exponenciais e logarítmicas.</p>	<p>CMCCT</p>
<p>B4.2. Analizar información proporcionada a partir de táboas e gráficas que representen relacións funcionais asociadas a situacións reais obtendo información sobre o seu comportamento, a evolución e os posibles resultados finais.</p>	<p>MACB4.2.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos sobre diversas situacións reais.</p> <p>MACB4.2.2. Representa datos mediante táboas e gráficos utilizando eixes e unidades axeitadas.</p> <p>MACB4.2.3. Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica sinalando os valores puntuais ou intervalos da variable que as determinan utilizando tanto lapis e papel como medios tecnolóxicos.</p> <p>MACB4.2.4. Relaciona distintas táboas de valores, e as súas gráficas correspondentes.</p>	<p>CMCCT</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actitude e comportamento: asistencia ás clases online (xustificando a non asistencia) coas tarefas encomendadas e o material (caderno, bolígrafo, calculadora) axeitado. - Producións do alumnado: realización e entrega por parte do alumnado das tarefas propostas - Probas específicas: no caso de alumnos coa primeira e/ou segunda avaliación suspensas. Estas probas consistirán na realización de tarefas online, por parte do alumnado suspenso, relativas a ditas avaliacións coa cámara aberta.
	<p>Instrumentos:</p> <p>Rexistro das producións do alumnado en relación aos estándares de aprendizaxe.</p>
